

NOME E CURSO:

A HISTORIA DO CHUPA-CHUPS



O Chupa Chups é un dos caramelos máis famosos do mundo e o seu logotipo forma parte da historia gráfica.

A historia deste caramelo empezou en 1959, cando o catalán Enric Bernat observou como os cativos acostumaban a sacar os caramelos da boca coa man e tivo a brillante idea de poñerlle un pau a un caramelo e comercializalo. Por primeira vez se vendía un caramelo que podías comer sen mancharte as mans!!



Nun principio chamábase Chups, pero un anuncio na radio promocionaba o caramelo cunha canción que dicía: "Chupa un caramelo, chupa, chupa, ... chupa Chups". A partir de entón, a xente empezou a chamalo Chupa Chups.

Hoxe en día este caramelo véndese nos 5 continentes, en 108 países e se fabrica en España, Francia, Reino Unido, Alemaña, Rusia e China.



Pero un dos datos máis curiosos desta historia é que o rediseño do logotipo de Chupa Chups foi levado a cabo por Salvador Dalí.

No ano 1969, cando Bernat intentou expandir o caramelo ao mercado internacional, contratou a Dalí para que fixera un logotipo que lle axudara a ter éxito nos seus obxectivos comerciais.



Dalí introduciu 3 novidades:


A primeira foi utilizar unha soa cor vermella sobre fondo amarelo. En segundo lugar, introduciu a forma de flor que envolve ao logotipo. E por último, colocou o logotipo na parte superior do envoltorio, favorecendo a súa visibilidade.



1. Contesta verdadeiro ou falso:

O Chupa-Chups naceu en 1959.	VERDADEIRO	FALSO
É de orixe español.	VERDADEIRO	FALSO
O seu nome orixinal era Chupa.	VERDADEIRO	FALSO
Cambiou de nome despois dunha cuña publicitaria de televisión.	VERDADEIRO	FALSO
Véndese por todo o mundo.	VERDADEIRO	FALSO
Dalí rediseñou o logotipo.	VERDADEIRO	FALSO
Dalí lle puxo un pau ao caramelo.	VERDADEIRO	FALSO
Bernat contratou a Dalí para facer una cuña publicitaria.	VERDADEIRO	FALSO
Dalí puxo o fondo vermello sobre as letras amarelas.	VERDADEIRO	FALSO
Dalí introduce a forma de flor no logotipo.	VERDADEIRO	FALSO
O nome do caramelo está por todo o envoltorio.	VERDADEIRO	FALSO

2. Cales destes cadros é de Dalí?




A metamorphose de Narciso




Las señoritas de la calle de Avinyó




Guernica



A persistencia da memoria



La habitación en Arles



O enigma sen fin